

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 14 de maio de 2009

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. José Manuel Mariño Mendoza
D. Eudósio Álvarez Álvarez

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

D^a Laura López Atrio
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e doce minutos do día catorce de maio de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(656).- EXECUCIÓN DA SENTENZA N° 178/2007, DICTADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N° 2 NO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO (P.A) N° 115/2007, INTERPOSTO POR D^a. ALICIA MEIRIÑO FERNÁNDEZ.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 8.05.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En Sentenza nº 178/2007, do 22 de maio do 2007, o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº2 de Vigo resolveu o recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) nº 115/2007, interposto por D^a Alicia Meiriño Fernández contra a Resolución de 5 de febreiro do 2007, pola que se resolve o concurso de traslados correspondente ao ano 2005, no que respecta ao posto de traballo de “xefe/a de gastos”; posto que obtivo no marco do procedemento de provisión de postos de traballo citado a funcionaria municipal D^a Marta Román Breijo, actualmente adscrita ao mesmo.

“Que debo estimar y estimo en parte la demanda, formulada por el letrado D. Jesús Lorenzo Cuervo, en nombre y representación de Alicia Meiriño Fernández, contra la Resolución de 5 de febrero do 2007 del Concello de Vigo, por el que se resolve el concurso interno de traslados, únicamente en lo referente a la atribución de la jefatura de gastos, anulando la misma y ordenando la retroacción del expediente a la valoración por la Comisión del ejercicio realizado por los concursantes el 12/12/2006, sin hacer expresa imposición de costas.”

2.- A dita resolución xudicial foi apelada perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia por D^a Marta Román Breijo; o devandito órgano xurisdiccional dictou Sentenza nº 583/2008, do 17 de setembro, no recurso de apelación nº 84/2008, desestimado o mesmo e confirmando así a sentenza de instancia.

3.- En Oficio de data 20/04/2009 (data de entrada no rexistro xeral do Concello 23/04/2009, documento nº 90058889) remitido a este Servizo de Recursos Humanos o 27/04/2009, notifícase Providencia do Xulgado encargado da execución, no cal require a este Concello de Vigo para que no improrrogable prazo de 20 días remita certificación na cal se faga constar:

órgano administrativo que debe responsabilizarse de realizar actuacións.
Medidas levadas a cabo e procedemento a seguir;
Prazo máximo para o total cumprimento da sentenza.

En xusta coherencia co antedito, e nos temos da providencia notificada, e á vista da brevidade dos prazos, propónse a execución inmediata e efectiva da sentenza citada nos seus propios termos, de modo que non se incorra en responsabilidades por incumprimento por parte do Concello de Vigo nin das autoridades e funcionarios públicos ao seu servizo.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. O artigo 103.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, establece que as resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento na forma e nos termos que nestas se consignent; no mesmo senso se manifesta o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, cando afirma que as sentenzas haberán de cumprirse nos seus propios termos.

A vixente Constitución de 1978 contempla no seu artigo 118 a obrigatoriedade de cumprilas sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais, así como a de prestar a colaboración requirida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto.

A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ó principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103); no apartado 2 do artigo 103 da citada Lei 29/1998 se consigna a obriga que teñen todas as persoas e entidades -públicas e privadas- de

prestar toda a colaboración requirida polos xulgados e tribunais do Contencioso-Administrativo para a debida e completa execución do resolto. É no apartado 4 do mesmo onde se establece que son nulos de pleno dereito os actos e disposicións contrarios ós pronunciamentos das sentenzas que se dicten coa finalidade de eludir o seu cumprimento.

No artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial xa citada preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial, “... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.

III. No presente suposto, debe prestarse especial atención aos pronunciamentos xudiciais que valoran as circunstancias concorrentes no proceso selectivo interno convocado para a provisión do posto de traballo de “xefe/a de Gastos”.

A sentenza que se executa (fundamento xurídico Segundo) considera que:

“Sentado lo anterior, resulta que cuatro de los seis miembros de la comisión de valoración se abstuvieron de calificar el ejercicio práctico realizado por la recurrente, en base a la coincidencia de las soluciones con las facilitadas por el asesor del tribunal.

Lo anterior revela una irregularidad determinante de la nulidad del procedimiento y que determina la estimación de la demanda y la necesidad de retroacción del procedimiento, en atención a que constituído un órgano colegiado para la valoración del concurso, con arreglo al art. 24.1.c) de la LPAC, no podrán abstenerse sus miembros que tengan la condición de autoridad o personal al servicio de administraciones públicas, en el presente caso casi todos parecen reunir tales condiciones.

El comportamiento de los miembros de la comisión revela una actitud inhibicionista que no cabe aceptar, a pesar de sembrar la duda de supuestas irregularidades de las que la demandante sería la única beneficiaria. Cuando en base a los indicios, debió investigarlos, y de acreditar su existencia, obrar en consecuencia, esto es, acudir a la recurrente del proceso e incluso dar cuenta a quien corresponda, en función del tipo de irregularidad que se trate....”

De seguido, o citado fundamento xurídico considera que as condutas cometidas por parte dos membros da comisión e/ou asesores son susceptibles de seren subsumidas na tipoloxía penal –non reproducíndose no presente informe por estar xa concretamente detalladas na sentenza que se executa- circunstancia que non debe obviar a Xunta de Goberno Local á hora de evitar a repetición das ditas condutas, que en nada casan cos principios éticos e de conduta consignados nos artigos 54 e 55 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado público, e a fin de garantir o cumprimento dos principios constitucionais recollidos no artigo 103 da dita Norma Suprema, así como o interese xeral e o bo nome e prestixio dunha institución pública como o Concello de Vigo, o cal debería sempre conlevar a depuración das correspondentes responsabilidades.

Adicionalmente ao anterior, a Sentenza sinala (Fundamento Xurídico Terceiro) en relación coa pretensión indemnizatoria curiosamente exercitada pola recorrente, que:

“No obstante, será con el resultado final del procedimiento, lo que se determine, en su caso, como consecuencia de la investigación que la comisión debe realizar y el nombramiento que en definitiva proceda, cuando la actora tendrá la totalidad de los datos que le permitirían una correcta determinación de la indemnización que interesa....”

Deste xeito, a sentenza debe executarse nos termos do disposto no fundamento xurídico terceiro antedito, tal e como se sinala igualmente no oficio do Sr. Xefe do Servizo Contencioso da Asesoría Xurídica MUnicipal do 13/10/2008 , polo cal se procedeu á dación de conta da sentenza á Xunta de Goberno Local; conseguintemente, os mebrs da nova comisión de valoración que se constituía deberán investiga-lo sucedido como sinala a resolución xudicial obxecto de cumprimento.

Similar pronunciamento en canto á necesaria investigación do acaecido conteñen os Fundamentos Xurídicos Quinto e Sexto da Sentenza nº 583/2008, do 17 de setembro, no recurso de apelación nº 84/2008, do TSXG.

IV. Cómpre salientar que a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, vixente dende o 13 de maio do 2007, prohíbe expresamente a participación nos órganos de selección do persoal de elección ou designación política, persoas que acudan a título representativo ou por conta dun terceiro, funcionarios interinos e o persoal eventual, polo cal deberá o Xulgado ter coñecemento da imposibilidade legal de convocar aos mesmos membros que participaron na comisión de selección controvertida sen incorrer en irregularidades; non obstante, proponse a determinación dunha estrutura alternativa, axustada a Dereito, que permite dar eficaz cumprimento ao mandato xudicial.

V. Sen prexuízo das competencias que o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 02/01/2004, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para acordar a execución efectiva da sentenza, de conformidade co establecido no artigo 127.1.h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Consecuentemente, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Proceder ao efectivo cumprimento do mandato xudicial contido na Sentenza nº 178/2007, do 22 de maio do 2007, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso contencioso-administrativo (p.a.) nº 115/2007, interposto por D^a Alicia Meiriño Fernández, confirmada polo TSXG en Sentenza nº 583/2008, do 17 de setembro, no recurso de apelación nº 84/2008, e na cal literalmente se fallou:

“Que debo estimar y estimo en parte la demanda, formulada por el letrado D. Jesús Lorenzo Cervo, en nombre y representación de Alicia Meiriño Fernández, contra la Resolución de 5 de febrero de 2007 del Concello de Vigo, por el que se resuelve el concurso interno de traslados, únicamente en lo referente a la atribución de la jefatura de gastos, anulando la misma y ordenando la retroacción del expediente a la valoración por la Comisión del ejercicio realizado por los concursantes el 12/12/2006, sin hacer expresa imposición de costas.”

SEGUNDO.- Deixar sen efecto a Resolución de 5 de febreiro do 2007 do Concello de Vigo, polo que se resolve o concurso interno de traslados, únicamente no referente á atribución da xefatura de gastos, e consecuentemente ordenar a retroacción do expediente á valoración pola Comisión que se designe do exercicio realizado polos concursantes o 12/12/2006,

TERCEIRO.- Convocar, ao abeiro do disposto na resolución xudicial que se executa, o órgano de selección encargado de realizar as actuacións ordenadas pola sentenza que se executa, nos termos do disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, cuxos concretos integrantes deberán designarse coa maior urxencia por Resolución do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, na cal adicionalmente se fixará data, hora e lugar de celebración da fase de valoración dos méritos.

O dito órgano de selección estará composto polos seguintes membros:

-Presidente: funcionario con habilitación de carácter estatal ou técnico de administración xeral ou especial, funcionario de carreira do Concello de Vigo.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

- Secretario: funcionario con habilitación de carácter estatal ou técnico de administración xeral (rama xurídica) funcionario de carreira do Concello de Vigo, que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

- Vogais: seis funcionarios de carreira (do Concello de Vigo ou dos seus Organismos Autónomos), que deberán contar con titulación igual ou superior a do persoal encadrado no subgrupo C1, que comparecerán en todo caso a título individual, propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal. Asímesmo asistirá como Asesor o Xefe do Servizo correspondente, que actuará con voz pero sen voto.

Simultáneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes. Os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

Este órgano terá carácter colexiado e estará integrado por 8 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario e do Asesor- cumprindo os principios de profesionalidade, imparcialidade e comparecencia a título individual contidos no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, así como os xerais esixidos no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, anteriormente citada.

CUARTO.- Dispoñer que pola Comisión de Selección que se convoque se realicen as actuacións contidas no fundamento xurídico terceiro da resolución xudicial obxecto de execución.

QUINTO.- Dar conta do presente acordo ao Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa resolución xudicial que se executa, a través do Servizo de Asesoría Xurídica do Concello, notificando asemade o mesmo aos funcionarios/as implicados, Secretaría Xeral Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) e Comité de Persoal aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

2(657).- CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE 2 OFICIAIS CONDUTORES, 3 OFICIAIS XARDINEIROS E 13 OPERARIOS PEÓNS PARA REFORZAR OS TRABALLOS DE LIMPEZA E COIDADADO DOS AREAIS DA CIDADE E OS SEUS ACCESOS. BASES DE SELECCIÓN. EXPTE. 18992/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13.05.09, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 11.05.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes.

Con data 19 de xaneiro de 2009, o xefe do Servizo de Limpeza, coa conformidade da súa Concelleira-Delegada, solicitou a contratación de dous oficiais conductores e dezaseis operarios-as peóns para reforzar os traballos de limpeza e coidado dos areais da cidade e os seus accesos, formando parte do actual equipo de limpeza que está a desenrolar diversos traballos durante todo o ano e que traballan baixo a supervisión do Órgano Xestor, e que serían reforzados os fins de semana polas brigadas de Fomento de Construcción e Contratas (FCC) -tal e coma se establece no contrato de concesión do Servizo de Limpeza- por un periodo máximo de seis meses.

A referida solicitude foi modificada por novo escrito de data 4 de maio pasado substituindo 3 dos operarios-peóns por 3 oficiais xardineiros que demostren coñecementos e dominio expreso de máquina desbrozadora manual.

O Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrucción de servizo de data 5 de maio de 2009, ordenou a éste Servizo de RR.HH a tramitación do correspondente expediente para a súa remisión a Xunta de Goberno Local, aos efectos de proceder a contratación do referido persoal.

Nas bases da derradeira oferta de emprego público correspondente o ano 2005 (DOGA núm. 224, do 21 de novembro de 2006) e dentro do apartado “outras disposicións comúns”, preveíase a posibilidade de confeccionar unha lista de substitucións cos aspirantes que, non tendo superado a oposición tivesen aprobado tódalas probas de que constou aquela.

Aos efectos da cobertura tanto dos postos de Oficial conductor coma de Operario-peón, procede o chamamento do seguinte aspirante ás prazas de oficial conductor que figuran na acta do tribunal de data 25 de xuño de 2007, D. José Antonio Torres Martínez, D.N.I. 76.747.313-Q, toda vez que os tres aspirantes que lle preceden na lista de substitucións xa foron contratados interinamente por este Concello segundo acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de abril e 5 de decembro de 2008, respectivamente; significando que o referido candidato rexeitou expresamente a contratación proposta, en escrito remitido con data 4 de maio de 2009.

No que respecta os aspirantes que figuran na lista de substitucións de operarios-peóns, faise constar que dos 23 que figuran na referida lista, unicamente, D. José María Otero Correa, D.N.I. 33.810.572-C, forma parte da mesma, xa que unha vez requeridos os que lle preceden na lista de substitucións ó que se refire o anterior parágrafo, D. Jaime Fernández Comesaña, D.N.I. 36.008.434-W, D. Juan Carlos Montes González, D.N.I. 36.100.966-M, D. Severino José Fernández Alberte, D.N.I. 36.059.452-Y, D. Oscar Molares Bargiela, D.N.I. 36.143.265-F, D. Miguel Fernández Gómez, D.N.I. 33.332.320-F, D. Benito Freiría Rodríguez, D.N.I. 36.105.845-P, D. Ricardo Soler Vidal, D.N.I. 36.104.951-B, D. Lino Fernández Paz, D.N.I. 36.101.212-K, D^a- M^a. del Carmen Martínez Giraldez, D.N.I. 34.873.351-S, D. Jesús Meda Cajaraville, D.N.I. 33.264.078-Y e D. Carlos Iglesias Ferreira, D.N.I. 34.944.808-B, presentaron a correspondente renuncia voluntaria, polas diversas causas que obran no expediente, mentras que o resto dos aspirantes da lista D. Carlos Iglesias Ferreira, con D.N.I. 34.944.808-B, D^a. Rosa Borines González, con D.N.I. 36.079.669-Y, D^a. M^a. Concepción González Costas, con D.N.I. 36.062.214-P, D. José Novoa Fidalgo, con D.N.I. 44.464.706-W, D. José Manuel Martínez Barreiro, con D.N.I. 36.065.902-Q, D. Marcial Fernández Fernández, con D.N.I. 10.588.322-L, D. José Antonio López Basalo, con D.N.I. 36.051.598-H, D. Gonzalo Rodríguez Fernández, con D.N.I. 36.052.359-C, D. Severino Sánchez Domínguez, con D.N.I. 34.981.981-Q, D^a. Isabel Comesaña Fernández, con D.N.I. 53.185.485-D, D. Eduardo Vicente Bea Puentes, con D.N.I. 36.143.294-J e D. Brais Calles ALonso, con D.N.I. 36.165.326-B, foron contratados interinamente por acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de abril de 2008.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de decembro de 2008 foron tamen contratados interinamente os aspirantes D^a. Purificación Bastos Villar, D.N.I. 36.071.578-B e D. Cándido Bea Puentes, D.N.I. 36.076.761-L. E, con posterioridade, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 4 de maio de 2009, autorizou a contratación interina do aspirante que figuraba no posto 22 da referida relación, D. Julio Rodríguez Presas, D.N.I. 76.700.547-D, que formalizou o seu contrato con data 11 de maio de 2009.

En consecuencia, foi requerido o derradeiro aspirante da lista, D. José María Otero Correa, D.N.I. 33.810.572-C, o cal aceptou expresamente, a través de escrito de 4 de maio de 2009, optar á referida contratación laboral-temporal por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 15.1.b) do Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, acreditando neste Servizo de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

No que respecta a lista de substitucións de oficiais xardineiros débese salientar que as prazas convocadas na derradeira oferta de emprego público correspondían á quenda de promoción interna, polo que non existe lista que poda ser utilizada ao efecto.

Visto o anterior, e toda vez que a lista de substitucións tanto para oficiais coma para operarios-peóns atópanse esgotadas, resulta preciso artellar un proceso de selección áxil que permita coa debida urxencia a causa do inminente inicio da tempada de verán nos areas do municipio de Vigo, a formalización das contratacións laborais por acumulación de tarefas propostas, que en todo caso deberá ser respetuoso cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, tal e como dispón a Lei 7/2007, do 12 de abril, propoñéndose a selección dos/das oficiais conductores/as, dos/as tres oficiais xardineiros/as e dos/das doce operarios restantes, entre os presentados a través de anuncio publicado nun dos diarios de mais difusión da localidade para público coñecemento dos potenciais interesados/as.

Fundamentos Legais:

De conformidade co disposto no artigo 55 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, as Administracións Públicas seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garanten os principios constitucionales de igualdade, mérito e capacidade, así como os de publicidade das convocatorias e das súas bases, transparencia, imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección, axilidade nos procesos selectivos, etc.

Asimesmo, de conformidade co disposto no artigo 27.1 do RD. 364/95, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral do ingreso do persoal ó servizo da administración xeral do Estado –de aplicación supletoria ao persoal ó servizo das entidades locais- en concordancia co disposto no artigo 19 do Decreto autonómico 95/91 de 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de selección e ingreso do persoal da administración autónoma de Galicia, o procedemento deberá posibilitar a máxima axilidade na selección en razón á urxencia requerida para cubrir transitoriamente os postos de traballo en tanto se destina ós mesmos a funcionarios de carreira.

No presente suposto, a urxencia queda acreditada co inminente inicio da tempada de verán e conseguinte asistencia masiva ás praias do termo municipal de Vigo, as cales deben estar nas debidas condicións de uso.

A modalidade de contratación que se considera oportuno utilizar é a de “contrato laboral de duración determinada por acumulación de tarefas”, regulada no art. 15.1.b) do Estatuto dos Traballa-

dores e RD 2720/1998, de 18 de decembro, artículo 2, sendo este contrato ó que se concerta para atender esixencias circunstanciais da produción por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal da empresa (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro), e a súa duración se establece como máximo en seis meses no período de un ano.

Debe terse en conta o disposto no Real Decreto –Lei 5/2006, de 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego, (BOE nº 141, do mércores 14 de xuño do 2006), vixente a tales efectos dende o 1 de xullo de 2006, que modifica a lexislación laboral, o cal pretende evitar e prevenir a utilización abusiva de contratos de duración determinada e en concreto ó disposto no capítulo II -que modifica o apartado 5 do artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo- no relativo á duración máxima dos períodos de vixencia das distintas modalidades contractuais de duración determinada.

Asemade, e segundo o disposto no artigo 23.2 da Lei 2/2008, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2009, non poderá procederse ao nomeamento de persoal temporal, nin ao nomeamento de funcionarios interinos consonte ás modalidades previstas artigo 10.1.a) da Lei 7/2007, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, como é o caso.

Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respetados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder á referida contratación laboral por acumulación de tarefas, xa que o referido candidato superou os exercicios da correspondente oposición convocada con anterioridade para a cobertura de postos de operario-peón.

O importe do custe de ditas contratacións, para acomete-lo gasto proposto durante un período de cinco meses, ascende a un total de 160.882,89€ e imputaríase con cargo a partida 121.0.1400000 “outras modalidades de contratacións temporais, prevista no vixente orzamento, dentro do Capítulo I de gastos, nos termos do preceptivo e previo informe de informe de fiscalización e xestión económica que se emita en relación á existencia de crédito.

Á vista de todo o exposto, e considerrando as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a Modernización do Goberno local, en canto ao réxime dos municipios de grande poboación, e previo o preceptivo informe da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da xefatura da Área de Réxime Interior, elévase a súa consideración a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder á contratación laboral-temporal por acumulación de tarefas de dous/dúas oficiais conductores/as, tres oficiais xardineiros/as e, trece operarios-peóns, por un periodo de cinco meses, dentro dun máximo de seis meses, ao abeiro do exposto no artigo 15.1.b) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Segundo.- Contratar a D. José María Otero Correa, D.N.I. 33.810.572-C, como operario-peón por un periodo de cinco meses dentro dun máximo de seis meses (01 de xuño ó 30 de novembro de 2009), para a realización de tarefas de limpeza de praias, viais e espazos públicos, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Operario-peón, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2005, de conformidade coas bases xerais da mesma e o disposto no art. 3.3º da Orde 1461/2002, do 6 de xuño do Ministerio para as Administracións Públicas, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 158, operario-peón, sendo adscrito ó Servizo de Limpeza (cód. 252).

Terceiro.- Ordenar a urxente publicación no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de maior difusión da localidade, da oferta pública de dous postos de oficial conductor, tres postos de oficial xardineiro/a e, doce postos de operario-peón, establecéndose os seguintes REQUISITOS:

- *Oficial xardineiro: Estar en posesión do título de Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º grao ou equivalente e contar coñecemento e experiencia acreditados no manexo de máquinas desbrozadoras.*
- *Oficial conductor: Estar en posesión do título de Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º grao ou equivalente, así como estar en posesión do permiso de conducir C+D+E.*
- *Operario-peón: Certificado de Escolaridade ou equivalente e contar con experiencia acreditada en limpeza de viais, praias e espazos públicos.*

O anuncio da presente convocatoria publicarase, por motivos de urxencia e axilidade, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de maior difusión da localidade e na páxina web municipal (www.vigo.org.)

O prazo de presentación de instancias de participación será de 2 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria na prensa local, e a lista de admitidos e excluídos xunto coas causas motivadoras da exclusión, a data, lugar e hora de realización dos exercicios, publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello de Vigo e nos lugares onde se realicen as ditas probas, cando estas non se desenvolvan na Casa do Concello.

Contra a exclusión na lista de admitidos poderanse presentar reclamacións e subsanar erros ou omisións no prazo de dous días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma na prensa local.

Para seren admitidos/as á realización das probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, que deberán acreditar xuntamente coa súa instancia de participación.

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas; no suposto de que os/as aspirantes sexan persoas con discapacidade física ou psíquica, deberase acreditar tanto o grao de discapacidade (igual ou superior ao 33%) como a compatibilidade da mesma co posto de traballo ofertado, mediante certificacións expedidas polo Administración Pública competente, nos termos do contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 7/2007.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. Asimismo, non poderá atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

e) Estar en posesión da titulación que se fixe no apartado terceiro das presentes bases ou estar en condicións de obtela, na data que remate o prazo de presentación de solicitudes.

No caso de equivalencia ou homologación deberá xustificarse con certificado expedido polo organismo competente para establecelas.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con fotocopia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte; o do apartado e) con xerocopia compulsada do título oficial legalmente expedido; o do apartado b) e d), a través de declaración xurada ao efecto, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico, ou certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica.

Os/as aspirantes con discapacidade deberán solicitar coa presentación da instancia a oportuna adaptación de tempos e medios para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de

postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación. Os tribunais poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

Cuarto.- Ordenar a constitución dunha comisión de valoración para que se proceda á selección e proposta de contratación de dous/dúas candidatos/as para o posto de oficial conductor/a, tres candidatos/as para o posto de oficial xardineiro/a e doce candidatos/as para o posto de operario-peón, co obxecto de formalizar a contratación laboral-temporal por acumulación de tarefas como oficial conductor/a, oficial xardineiro/a e, operarios/as-peóns, respectivamente.

O órgano de selección terá carácter colexiado e estará composto por cinco membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto, e estará composta polo Xefe do Servizo de Limpeza que actuará como Presidente-, o Xefe do Servizo do Parque Móbil, dous funcionarios do Concello de Vigo ou dos seus Organismo Autónomos, propostos polo Concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, que deberán comparecer a título individual e un técnico de administración xeral que actuará como secretario/a.

Simultaneamente cos titulares designaranse aos respectivos/as suplentes. Os/as seus/súas integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

O Secretario/a, intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999,

O Órgano de selección contará coa asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a do Servizo de RR.HH. deste Concello, que desenvolverá tarefas de apoio a Comisión de Valoración e baixo as instrucións directas da mesma.

Os membros do órgano de selección, que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na con-

tía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación da Comisión de Valoración, en canto que órgano colexiado, rexeráse no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

A tales efectos, o proceso de selección para o posto de oficial conductor, constará nunha proba práctica consistente na manobra dun vehículo de 18 TM. en circuito pechado e conducción do mesmo adaptándose as circunstancias do tráfico en circuito aberto.

Así mesmo, para os postos de oficial xardineiro/a e operario/a-peón/a, o exercicio constará dunha proba teórico-práctica sobre coñecementos das tarefas propias dos respectivos postos de traballo.

Todas as probas avaliaranse de cero a dez puntos, tendo estas carácter excluinte se o/a candidato/a non obten un mínimo de cinco puntos.

A Comisión propondrá para a contratación ós/ás candidatos/as que resulten seleccionados/as por orde de puntuación.

Quinto.- Que finalizado o proceso de selección, pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización dos contratos laborais temporais por acumulación de tarefas ó amparo do disposto no art. 15.1.b) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, dós/dás candidatos/as propostos pola citada Comisión, sendo éstos/as contratados/as por un período de cinco meses, prorrogables por un mes mais, ata completar un máximo de seis meses, para a realización de tarefas de limpeza de praias, viais e espazos públicos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 233-Oficial conductor, cód. 234-Oficial Xardineiro/a ou, cód-158 no que respecta ao posto de operario-peón, da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 21 de xaneiro de 2009.

Sexto.- Será de aplicación ó disposto no Real Decreto-Lei 5/2006, de 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego, modificadorio do artigo 15.5 do Estatuto dos Traballadores/as, no relativo a duración máxima dos períodos de contratación das distintas modalidades contractuales de duración determinada (24 meses dentro do período de 30 meses computados dende o 1 de xullo do 2006)”.

Sétimo.- A xornada laboral dos/das traballadores/as contratados/as, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –06,45 a 14,00 horas-, coa excepción do período comprendido entre o 15 de xuño e o 15 de setembro, no que a xornada será de 06,00 a 13,15 horas.

En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.

Oitavo.- Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser eventualmente contratados como persoal laboral temporal para necesidades conxunturais, nos termos dos criterios aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de marzo de 2008 (BOP de 11 de abril de 2008), normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente.

Noveno.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e catorce minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.